



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DIA 13/04/2023, EN 1ª CONVOCATORIA.

#### ASISTENTES

#### PRESIDENTE

MARCOTE SUAREZ, José (PSOE)

#### CONCELLEIROS

VILELA ROMERO, Soledad (PSOE)  
SAR OLIVEIRA, Xan Carlos (BNG)  
FERNANDEZ MARTINEZ, Teresa (BNG)

#### SECRETARIO-ACCIDENTAL

CARRIL PEREZ, Juan Carlos

Na vila e termo municipal de Fisterra, ás 20:00 horas, do día 13/04/2023, reúnen no salón de sesións da casa do concello, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, José Marcote Suárez, os Srs. e Sras. que na marxe se expresan, coa finalidade de celebraren a **sesión ordinaria**, en primeira convocatoria, da Xunta de Goberno Local.

Tendo en conta que segundo o establecido no artigo 113.1.c) do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, para a válida constitución da Xunta de Goberno Local requírese a asistencia da

maioría absoluta dos seus compoñentes.

Comprobado pola Secretaria - Intervención accidental, que os reunidos constitúen quórum suficiente para a válida celebración da Xunta de Goberno Local en primeira convocatoria, o Sr. Alcalde - Presidente declara aberta a sesión, e todo iso aos fins de deliberar e resolver sobre o contido da seguinte

#### ORDE DO DIA

- 1 - PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE BORRADORES DE ACTAS DE SESIONS ANTERIORES.
- 2 - LICENZAS E COMUNICACIONES PREVIAS.
- 3 - ASUNTOS VARIOS.

#### 1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente preguntando se algún membro da Xunta de Goberno Local, quere formular algunha observación, ao contido da acta do 23/03/2023, distribuída coa convocatoria.

Non facendo uso da palabra ningún concelleiro, o Sr. Alcalde-Presidente somete á votación a proposta de aprobación da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de 23/03/2023, sendo aprobada por unanimidade dos asistentes.

#### 2º) LICENZAS E COMUNICACIONES PREVIAS

##### 2.1) LICENZA DE EDIFICACIÓN



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

### A) EXPEDIENTE: 2021/U022/000026

Tendo en conta que a Xunta de Goberno Local na sesión de 22/12/2022, outorgou licenza para a rehabilitación e ampliación de edificación tradicional para vivenda unifamiliar, segundo proxecto básico sen visar de data 6/06/2022, redactado polo arquitecto Colexiado COAG nº. 3442 D. Antonio Martínez Domínguez e título "Proxecto Básico - rehabilitación e ampliación de edificación tradicional para vivenda unifamiliar".

Visto o escrito presentado co número 2023/999/00000191 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos de 23/02/2023, por Antonio Martínez Domínguez, en representación de Javier Mosquera Balboa e Bibiana Leis Domínguez, ao que achega Modificación do Proxecto Básico, Proxecto de Execución redactado polo arquitecto Colexiado COAG nº 3.442 D. Antonio Martínez Domínguez e título "PROXECTO DE EXECUCIÓN CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA CON GARAXE", visado no Colexio correspondente o día 16 de xaneiro de 2023, co número 2300164,2 nomeamento da dirección de obra e etiqueta da cualificación de eficiencia enerxética.

Visto que con data 24/02/2023, emítese informe favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural ao modificado e proxecto de execución.

Visto que por parte de Antonio Martínez Domínguez, co número 2023/999/00000279 do Rexistro Telemático de Entrada de Documentos de 23/03/2023, preséntanse oficios de dirección de execución e coordinador de seguridade e saúde e escritura de cesión do espazo destinado a ampliación de viario.

Visto o informe favorable emitido o día 27/03/2023, polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación.

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes, acorda:

**1º) Aprobar o Proxecto de Execución presentado por e D. JAVIER MOSQUERA BALBOA Dª BIBIANA LEIS DOMÍNGUEZ**, para proceder á realización de obras consistentes na REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DE EDIFICACIÓN TRADICIONAL PARA VIVENDA UNIFAMILIAR, (Referencia Catastral número 002502200MH75H00000D e 15038A503002020000DW), redactado polo arquitecto Colexiado COAG nº 3.442 D. Antonio Martínez Domínguez e título, "PROXECTO DE EXECUCIÓN - CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA CON GARAXE" visado no Colexio correspondente o día 16 de Xaneiro de 2023 co número 2300164,2; debendo ter en conta en todo caso, o indicado na concesión da licenza:

1.1 - En aplicación do artigo 24 da Ordenanza reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos do uso do solo, subsolo e no exercicio de



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

actividades e apertura de establecementos do Concello de Fisterra disporase a pé da obra un cartel indicador que se sexa visible dende vial público, coas dimensións de 110 cm de ancho por 80 cm de alto e co seguinte contido:

- Nº EXPEDIENTE DA LICENZA DE OBRA: 2021/U022/000026
- DATA EXPEDICIÓN DA LICENZA: Xunta de Goberno Local 13/04/2023
- ORDENANZA DE APLICACIÓN: Solo de Núcleo Rural Histórico-Tradicional
- PROMOTORES: D<sup>a</sup>. Bibiana Leis Domínguez e D. Javier Mosquera Balboa
- CONSTRUTOR  
:
- DIRECTOR DE OBRA: D. Antonio Martínez Domínguez , colexiado nº 3.442 do COAG
- DIRECTOR DE EXECUCIÓN MATERIAL: D.Juan Ramón Insua Redonda. colexiado nº 2750 no COATAC.
- NÚMERO DE PRANTAS AUTORIZADAS: B+1
- USO: Residencial
- PRAZO MAXIMO DE EXECUCIÓN: 3 anos desde a data de concesión da licenza

O cartel será un taboleiro hidrófugo con fondo branco e texto negro perfectamente visible.

1.2 - Restableceranse ao seu estado orixinal as rúas e as beirarrúas que resultasen danadas coas obras, a conta do promotor e completarase a urbanización na fronte da aliñación cos mesmo tipo a calidade que os materiais existentes. Co fin de garantir a realización da urbanización será necesario a presentación dun aval bancario ou depositar na conta do Concello o importe do coste da urbanización. Este importe, é de 500,00 € (CINCOCEUTOS EUROS). Esta garantía será devolta cando a obra e a urbanización estea rematada.

1.3 - Deberanse, na execución da obra, cumprir as seguintes condicións impostas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural:

- Os cadros de contadores que sexa preciso dispor no exterior, situarase preferentemente en arqueta, e se isto non é posible, disporase cunha solución de integración nos muros pétreos, de xeito que non destaquen destes. De dispor unha unidade exterior de bomba de calor, situarase nunha zona na que non teña visibilidade desde a traza do Camiño de Fisterra e Muxía e tamén cunha solución de integración, con reixas acabadas na mesma cor que as fachadas.
- Cando se formule a proposta para o acceso rodado na parcela oeste, minimizarase a súa superficie, e a súa pavimentación terá un aspecto o máis natural posible (pedra da zona, formigón lavado de cromatismos ocrestéreos, pavicéspedo, etc). Manterase o



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

valado arbustivo existente podendo abrir un paso de 3 m de ancho para o acceso rodado.”

1.4 - O orzamento de execución material da obra en aplicación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO) aprobada definitivamente mediante acordo adoptado polo pleno da corporación na sesión de 4/10/2011 e publicado no BOP número 231 é de cento noventa e sete mil seiscientos trinta e seis euros con trinta e un céntimos (197.636,31 €) e sobre este importe debe realizarse a liquidación do ICIO.

1.5 - O inicio das obras deberá comunicarse ao concello e que en todo caso terá lugar no prazo de seis meses desde a data de outorgamento da presente licenza xa que o seu incumprimento determinará o inicio do expediente de declaración de caducidade segundo o art. 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia. Así mesmo, o prazo de remate das obras será de tres anos, e as obras non se poderán interromper por un prazo superior ao de seis meses.

2) Notificar este acordo ós promotores para o seu coñecemento e demais efectos cos recursos legalmente establecidos.

## 2.2) COMUNICACION PREVIA DE OBRAS

### A) EXPEDIENTE: 2022/U026/000124

Visto o escrito co número 2022/000/00001817 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Concello, de data 6/09/2022, presentado por Juan Carlos Domínguez Lamela, de comunicación previa de obras consistentes no lavado e pintado do teito da vivanda, (Referencia Catastral número 1547909MH8514N0001DA).

Vista a acta de comprobación documental de data 15/09/2022, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, da que se desprende que se declara incompleta a documentación presentada e indica a documentación que deberá presentar para realizar as obras solicitadas.

Considerando que co número 2022/000/00000594 (RS) de 15/09/2022, diríxese oficio á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, solicitando o correspondente informe sectorial.

Considerando que co número 2022/000/00000595 (RS) de 15/09/2022, diríxese oficio a Juan Carlos Domínguez Lamela, comunicándolle que se paralizan os prazos deste expediente mentres non se reciba a autorización correspondente solicitada á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.

Considerando que, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, emite informe con data 24/03/2023, autorizando as obras cos condicionamentos que no mesmo se indican.

Vista a acta de comprobación documental de data 3/04/2023, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, na que se declara



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros, de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e de conformidade co previsto no artigo 146.2 paragrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) **Conceder a JUAN CARLOS DOMÍNGUEZ LAMELA, o título habilitante para a realización das obras consistentes no lavado e pintado do teito da vivanda, (Referencia Catastral 1547909MH8514N0001DA); sempre que a cor a empregar no pintado sexa o vermello.**

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

### **B) EXPEDIENTE: 2022/U026/000135**

Visto o escrito co número 2022/000/00001930 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Concello, de data 22/09/2022, presentado por Agustín Olveira Benlloch, de comunicación previa de obras consistentes no pintado en branco das fachadas e colocación dunha canle na cuberta, nunha vivanda, Referencia Catastral número 8611406MH7581S0001YU).

Vista a acta de comprobación documental de data 28/09/2022, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, da que se desprende que se declara incompleta a documentación presentada e indica a documentación que deberá presentar para realizar as obras solicitadas.

Considerando que co número 2022/000/00000636 (RS) de 3/10/2022, dirixese oficio á Consellería á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, solicitando o correspondente informe sectorial.

Considerando que co número 2022/000/00000637 (RS) de 3/10/2022, dirixese oficio a Agustín Olveira Benlloch, comunicándolle que se paralizan os prazos deste expediente mentres non se reciba a autorización correspondente solicitada á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.

Considerando que, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural emite informe con data 3/04/2023 autorizando as obras cos condicionamentos que no mesmo se indican.

Vista a acta de comprobación documental de data 5/04/2023, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, na que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros, de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e de conformidade co previsto no artigo 146.2 paragrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a **AGUSTÍN OLVEIRA BENLLOCH**, o título habilitante para a realización das obras consistentes no pintado en branco das fachadas e colocación dunha canle na cuberta, (Referencia Catastral número 8611406MH7581S0001YU); debendo cumprir coas condicións impostas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural:

- Os canalóns e as baixantes, ou calquera outro elemento necesario para a execución do saneamento visto, terán sección circulares sen molduras, de cobre ou cinc na súa cor natural sen brillos, ou aluminio ou pvc lacados nunha cor que non destaque sobre a fachada.

2º) Notificar este acordo ó interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

### C) EXPEDIENTE: 2023/U026/000021

Visto o escrito co número 2023/000/00000372 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Concello de data 22/023/2023, presentado por Carmen Martínez Martínez, de comunicación previa de obras consistentes na substitución dun velux existente por outro novo e a limpeza do tellado da vivienda, (Referencia Catastral número 8710504MH7581S0001WU).

Vista a acta de comprobación documental de data 1/03/2023, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, da que se desprende que se declara incompleta a documentación presentada e indica a documentación que deberá presentar para realizar as obras solicitadas.

Considerando que co número 2023/000/00000196 (RS) de 13/03/2023, diríxese oficio A Carmen Martínez Martínez, á que se lle comunica que se paralizan os prazos deste expediente mentres no presente a documentación requirida.

Considerando que Carmen Martínez Martínez, con número 2023/000/00000580 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Concello de data 17/03/2023, presenta a documentación que lle foi requirida.

Vista a acta de comprobación documental de data 20/03/2023, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, da que se desprende que se declara incompleta a documentación presentada e indica a documentación que deberá presentar para realizar as obras solicitadas.

Vista a acta de comprobación documental de data 24/03/2023, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, na que se declara



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros, de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e de conformidade co previsto no artigo 146.2 paragrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) **Conceder a CARMEN MARTÍNEZ MARTÍNEZ**, o título habilitante para proceder as obras consistentes na limpeza do tellado da vivenda, así como á substitución da velux existente por outra nova, sempre que a cor a empregar sexa a existente e o material a empregar sexa madeira ou perfilería metálica, na vivenda, (Referencia Catastral número 8710504MH7581S0001WU).

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

### D) EXPEDIENTE: 2023/U026/000034

Visto o escrito co número 2023/000/00000551 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Concello de data 14/03/2023, presentado por Manuel Canosa Sanjurjo, de comunicación previa de obras consistentes no pintado en tón claro, de fachadas e muro da vivenda, (Referencia Catastral número 8407901MH7580N0001GT).

Vista a acta de comprobación documental de data 24/03/2023, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, da que se desprende que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros, de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e de conformidade co previsto no artigo 146.2 paragrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) **Conceder a MANUEL CANOSA SANJURJO**, o título habilitante para proceder as obras consistentes no pintado en tón claro, de fachadas e muro da vivenda, (Referencia Catastral número 8407901MH7580N0001GT).

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

### E) EXPEDIENTE: 2023/U026/000035

Visto o escrito co número 2023/000/00000561 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Concello de data 15/03/2023, presentado por Javier Canosa Lado, de comunicación previa de obras consistentes na realización dun pozo de barrena nunha finca, (Referencia Catastral número 15038A503003540000DJ).

Vista a acta de comprobación documental de data 24/03/2023, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, da que se desprende que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros, de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e de conformidade co previsto no artigo 146.2 paragrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) **Conceder a JAVIER CANOSA LADO**, o título habilitante para proceder as obras consistentes na realización dun pozo de barrena nunha finca, (Referencia Catastral número 15038A503003540000DJ).

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

### F) EXPEDIENTE: 2023/U026/000038

Visto o escrito co número 2023/999/00000276 do Rexistro Xeral de Entrada Telemática de Documentos deste Concello de data 23/03/2023, presentado por Fermín Badillo Julián, en representación de Repsol Comercial de Productos Petrolíferos, S.A., ao que achega Proxecto; redactado polo Enxeñeiro Técnico D. Adrián Ruíz Orodea Colexiado nº 0025896; de Instalación de Punto de Recarga Eléctrica en Estación de Servizo existente, a emprazar nunha Parcela, (Referencia Catastral número 8219820MH7581N0001TX).

Vista a acta de comprobación documental de data 3/04/2023, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, da que se desprende que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros, de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións





## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

Locais, e de conformidade co previsto no artigo 146.2 paragrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) **Conceder a REPSOL COMERCIAL DE PRODUCTOS PETROLÍFEROS, S.A.** o título habilitante para proceder as obras consistentes na instalación de un punto de recarga eléctrico na estación de servizo existente, nunha Parcela, (Referencia Catastral número 8219820MH7581N0001TX); condicionada a:

- Informar ó Concello acerca do día do comezo das obras mediante escrito por Rexistro de Entrada no Concello.
- Os materiais empregados na execución da obra deberán ser recollidos e retirados, se fose o caso, con colectores axeitados que serán descargados en vertedoiro autorizado.
- Repoñerase ao estado inicial o pavimento afectado coas mesmas calidades e materiais.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

### G) EXPEDIENTE: 2023/U026/000040

Visto o escrito co número 2023/000/00000652 do Rexistro Xeral de Entrada de Documentos deste Concello de data 29/03/2023, presentado por Ana María Varela Pardo, de comunicación previa de obras consistentes na reparación da cuberta substituíndo tellas rotas por outras novas, nunha vivanda, (Referencia Catastral número 8704708MH7580S0001ID).

Vista a acta de comprobación documental de data 3/04/2023, emitida polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación, da que se desprende que se declara completa a documentación presentada para a realización das obras expresadas e a comunicación previa cumpre os requisitos establecidos no artigo 146 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros, de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e de conformidade co previsto no artigo 146.2 paragrafo 2º da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) **Conceder a ANA MARÍA VARELA PARDO**, o título habilitante para proceder ás obras consistentes na reparación da cuberta substituíndo tellas rotas por outras novas, nunha vivanda (Referencia Catastral número 8704708MH7580S0001ID).



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

### **3º) ASUNTOS VARIOS**

#### **3.1) COMUNICACIÓN PREVIA DE APERTURA E TRANSMISIÓN DE LICENZA**

##### **A) EXPEDIENTE: 2023/U019/000009**

Visto o expediente iniciado co escrito presentado ao número 2023/000/00000681 (RE) de 3/04/2023 por Rodrigo Alejandro González Tapia, DE TRANSMISIÓN DE LICENZA E COMUNICACIÓN PREVIA DE INICIO DE ACTIVIDADE de ALBERGUE, no semisoto da edificación, (Referencia Catastral número: 8705209MH7580N0001WT).

CONSIDERANDO: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión de 11/04/2019, concedeulle acordo de eficacia á comunicación previa presentada por Yolanda Liñeiro Marcote, para realizar a actividade de "Albergue" no semisoto da edificación.

CONSIDERANDO: Que no expediente consta comunicación de transmisión de licenza asinado por Yolanda Liñeiro Marcote e por Rodrigo Alejandro González Tapia.

Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado polo interesado e conceder acordo de eficacia á petición de transmisión da licenza e Comunicación Previa presentada por RODRIGO ALEJANDRO GONZALEZ TAPIA, para o inicio da actividade de "ALBERGUE" que se localiza no semisoto da edificación.

2º) Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

3º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

#### **3.2) VADO PERMANENTE**

##### **A) TRANSMISIÓN DE LICENZA**

##### **EXPEDIENTE: 2023/V008/000004**

Visto o escrito presentado co número 2023/000/00000632 (RE) de 24/03/2023 por José Ernesto Martínez Pérez, no que solicita a transmisión ao seu favor do vado permanente número



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

9/2010.

Visto que a Xunta de Goberno Local na sesión de 14/10/2010, concedeulle a María Dolores Martínez Castreje, licenza para a instalación do vado permanente número 9/2010, de tres metros de longo, para facilitar a entrada e saída de vehículos do segundo garaxe pola dereita,

Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Autorizar a transmisión do vado permanente número 9/2010, de tres metros de longo, para facilitar a entrada e saída de vehículos.

2º) Notificar este acordo aos interesados para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

### **B) RESERVA DA VIA PUBLICA**

#### **EXPEDIENTE: 2023/V008/000002**

Visto o escrito presentado co número 2023/999/00000224 (RTE), de data 6/03/2023, por Roberto Carlos Papín Traba, no que solicita reserva de praza de estacionamento diante súa vivenda, para cubrir as necesidades da recarga da batería do coche híbrido enchufable.

Visto o informe desfavorable emitido con data 30/03/2023 polo arquitecto que presta servizos en materia urbanística nesta corporación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Non conceder a Roberto Carlos Papín Traba, para cubrir as necesidades de recarga da batería do coche híbrido enchufable en base a que:

- Solicitase unha reserva nun espazo non identificado como público no inventario de bens que obra neste concello.

- Solicitase unha reserva de vía pública por un usuario particular que non xustifica o seu grado de mobilidade reducida.

- A finalidade a que se destina a reserva, non garante a circulación das persoas en condicións de seguridade no espazo público.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

### 3.3. SUBVENCIONS

#### A) SUBVENCION LIMPEZA DE PRAIAS

Vistas bases reguladoras do Programa MA 100 de subvencións para limpeza de praias destinados a concellos da provincia da Coruña - 2023 publicadas no BOP Nº 49 de 13-03-2023, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Presentar a seguinte solicitude : MA100 - CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE SUBVENCIONS A CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA PARA LIMPEZA DE PRAIAS MARÍTIMAS NO ANO 2023.

2º) Remitir copia deste acordo á Excm. Deputación Provincial da Coruña.

#### B) SUBVENCION SOCORRISTAS

Vista a ORDE do 13 de marzo de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2023.

A Xunta do Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Aprobar o proxecto de obra ou servizo, denominado SOCORRISTAS DE PRAIA

2º) Solicitar á Consellería de Emprego e Igualdade a subvención para a contratación de traballadores desempregados na realización da mencionada obra ou servizo.

- Que segundo consta nos documentos e antecedentes obran nesta Intervención/Secretaría ao meu cargo, resulta que en relación á subvención solicitada, existe financiamento suficiente para dotar as partidas orzamentarias que non sexan financiadas pola consellería.

- En relación ao cálculo da subvención da obra/servizo polo que se solicita a subvención:

Que o convenio colectivo de aplicación aos traballadores/as desempregados/as que se van contratar para a execución da obra/servizo polo que se solicita a subvención é o seguinte: CONVENIO COLECTIVO DO CONCELLO DE FISTERRA, publicado no BOP Nº. 38, de 22/02/2019, e que conforme ao mesmo, o salario a aboar aos traballadores é, en importe mensual, o da seguinte táboa (acompañase táboas salariais vixentes ao momento da solicitude):

NÚM TRA	GRUPO COTIZ. SE.SO	OCUPA- CIÓN	CNAE 2009 (4 díxitos) /ou OCUPACI (letra)	CUSTO UNITARIO MENSUAL				CUSTOS TOTAIS		
				SALARIO BRUTO (1)	% COTA PATRONA L SEG. SOC.	COTA PATRONAL Á SEG.SOCIAL	TOTAL CUSTO MENSUAL	DURACIÓN CONTRATO EN MESES	TIPO XORNADA %	CUSTOS SALARIAIS TORAIS



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

2	08	Socorrista	8411h	1.401,61	35,20	493,37	1.894,98	2	100%	7.579,92
TOTAL SUBVENCIONABLE				1.401,61		493,37	1.894,98	2	100%	7.579,92

### 3.4) AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL

A) Visto o escrito presentado co número 2023/000/00000638 (RE) de 24/03/2023, por A. R. L., no que solicita unha axuda económica para gastos de farmacia, xa que non dispoñe de ingresos.

Visto o informe de data 28/03/2023, emitido polo departamento de Servizos Sociais, do que se desprende a procedencia da concesión dunha axuda económica para este concepto.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder a A. R. L., unha axuda económica de douscentos sesenta e cinco euros e noventa e seis céntimos (265,96 €), para sufragar gastos de farmacia.

2º) Facer o pagamento directamente ao establecemento farmacéutico de Ana B. Val Sanles, con quen o interesado ten contraída a débeda polo subministro de medicamentos.

3º) Notificar este acordo aos interesados para o seu coñecemento e demais efectos.

E non tendo máis asuntos dos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión ás 20:40 horas do día en curso, do que como secretario - accidental, dou fe.